



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Psicoloxía: Prevención e tratamento das dificultades de aprendizaxe e os trastornos do desenvolvemento

Materia	Psicoloxía: Prevención e tratamento das dificultades de aprendizaxe e os trastornos do desenvolvemento			
Código	O05G120V01204			
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Psicoloxía evolutiva e comunicación			
Coordinador/a	Rodríguez Enríquez, Mónica			
Profesorado	Rodríguez Enríquez, Mónica Sueiro Domínguez, Encarnación			
Correo-e	monica.ro.en@gmail.com			
Web				
Descrición xeral	Tratarase de coñecer e identificar as principais dificultades de aprendizaxe e trastornos do desenvolvemento, a súa avaliación e principios básicos da intervención.			

## Competencias

Código	
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CG2	Deseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro
CG4	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade e que atendan á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos que conformen os valores da formación cidadá
CG10	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela entre os estudantes
CE3	Dominar os coñecementos necesarios para comprender o desenvolvemento da personalidade destes estudantes e identificar disfuncións
CE4	Identificar dificultades de aprendizaxe, informais e colaborar no seu tratamento
CE5	Coñecer as propostas e desenvolvementos actuais baseados na aprendizaxe de competencias
CE6	Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e distintos ritmos de aprendizaxe
CE13	Promover o traballo cooperativo e o traballo e esforzo individuais
CE17	Coñecer e aplicar experiencias innovadoras en Educación Primaria
CE19	Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación educativa e ser capaz de deseñar proxectos de innovación identificando indicadores de avaliación
CT1	Capacidade de análise e síntese
CT2	Capacidade de organización e planificación
CT7	Resolución de problemas
CT8	Toma de decisións
CT9	Traballo en equipo

<b>Resultados de aprendizaxe</b>				
Resultados de aprendizaxe	Competencias			
Identificar e planificar na resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e distintos tipos de aprendizaxe.	CB2	CG4	CE4 CE13 CE17	CT2 CT7 CT13
Identificar manifestacións escolares de dificultades de aprendizaxe e trastornos do desenvolvemento.	CB3	CG2	CE4 CE5	CT8
Aplicar os coñecementos adquiridos para favorecer a aprendizaxe e o desenvolvemento en contextos diversos e plurais.	CB2	CG4	CE5 CE6 CE19	CT2 CT7 CT8 CT13 CT16
Analizar de forma crítica os coñecementos provenientes da psicoloxía da educación e do desenvolvemento para construír unha visión propia, integradora e articulada que permita a mellora, a aprendizaxe e o desenvolvemento dos nenos e nenas con necesidades específicas de apoio educativo.	CB3	CG4 CG10	CE3 CE6 CE17	CT13 CT16
Identificar as dificultades de aprendizaxe e os trastornos do desenvolvemento, informar e colaborar no seu tratamento.	CB3 CB4	CG2	CE6	CT1 CT2 CT8 CT9

**Contidos**

Tema
As necesidades específicas de apoio educativo e a discapacidade. *
Identificación, prevención e intervención psicoeducativa nas dificultades na aprendizaxe escolar durante a educación primaria. *
Identificación e intervención psicoeducativa nas dificultades de aprendizaxe asociadas a factores sociais na educación primaria. *
Identificación e intervención psicoeducativa nas dificultades de aprendizaxe vinculadas aos trastornos do desenvolvemento na educación primaria. *

**Planificación**

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	22	11	33
Estudo de casos	15	45	60
Resolución de problemas	15	15	30
Exame de preguntas obxectivas	2	25	27

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

**Metodoloxía docente**

	Descrición
Lección maxistral	Explicación por parte dos profesores dos aspectos fundamentais de cada un dos temas da materia.
Estudo de casos	Concreción dunha proposta de identificación, prevención e tratamento dun caso de dificultades de aprendizaxe e un caso de trastorno do desenvolvemento.
Resolución de problemas	Profundización teórico-práctica nos contidos da materia. Deseño de propostas de prevención e intervención de casos prácticos exemplo de dificultades de aprendizaxe e trastornos do desenvolvemento.

**Atención personalizada**

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Supervisión na aula e nas titorías
Resolución de problemas	Supervisión na aula e nas titorías
Probas	Descrición
Exame de preguntas obxectivas	Resolución de dúbidas nas titorías e por correo electrónico

<b>Avaliación</b>						
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas			
Estudo de casos	Concreción e defensa oral dunha proposta de identificación, prevención e tratamento dun caso de dificultades de aprendizaxe ou un caso de trastorno do desenvolvemento.	30	CB2 CB3	CG2 CG4 CG10	CE4 CE5 CE13 CE17	CT1 CT2 CT8 CT9
Resolución de problemas	Profundización teórico-práctica dos contidos da materia. Deseño de propostas de prevención e intervención de casos prácticos exemplo de dificultades de aprendizaxe e trastornos do desenvolvemento.	20	CB2 CB3	CG2 CG4 CG10	CE6 CE19	CT7 CT8 CT9 CT13 CT16
Exame de preguntas obxectivas	Resposta a cuestións teórico-prácticas sobre a materia en formato tipo test de opción múltiple.	50	CB2 CB3	CG4	CE5 CE6 CE13 CE17 CE19	CT8

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

Para os estudantes que sigan a avaliación continua (80% de asistencia ás sesións da materia), os traballos e actividades de aula programadas serán obrigatorios. Seguir a modalidade de avaliación continua, non garante o aprobado na materia. É preciso superar a proba obxectiva con unha nota de 5 sobre 10 para poder superar a materia.

Os estudantes que non sigan a avaliación continua deben realizar na data oficial, un exame no que se avaliarán as competencias básicas da materia. O exame consistirá na resolución dun caso práctico de dificultades de aprendizaxe ou trastornos do desenvolvemento, completando os apartados establecidos.

Aqueles estudantes que non superen a materia pola modalidade de avaliación continua ou suspendan na convocatoria anterior (maio), poderán avaliarse novamente na convocatoria de xullo, de acordo aos mesmos criterios establecidos na convocatoria anterior (resolución de caso práctico).

As datas oficiais dos exames poden consultarse na web da facultade no espazo 'exames'

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Bibliografía Básica**

American Psychiatric Association, **DSM-5. Manual Diagnóstico y Estadístico de los Trastornos Mentales**, 5ª, Panamericana, 2014

Botías, F., Higuera, A. M. y Sánchez, J. F., **Necesidades Educativas Especiales: planteamientos prácticos**, Wolters Kluwer Educación, 2012

Fiuza, M. J. y Fernández, M. P., **Dificultades de aprendizaje y trastornos del desarrollo. Manual didáctico**, Pirámide, 2013

Flores, P. y Rico, L. (Coords.), **Enseñanza y aprendizaje de la matemáticas en Educación Primaria**, Pirámide, 2015

Lebrero, M. P. y Fernández, M. D., **Lectoescritura. Fundamentos y estrategias didácticas**, Síntesis, 2015

#### **Bibliografía Complementaria**

Armenta, F. y Rodríguez, C., **Necesidades específicas de apoyo educativo: Teoría, programas, adaptaciones curriculares, las nuevas tecnologías y las competencias básicas**, Fundación Ecoem, 2010

González, M. J. (Coord.), **Prevención de las dificultades de aprendizaje**, Pirámide, 2012

Santiuste, V., **Dificultades de aprendizaje e intervención psicopedagógica**, CCS, 2006

Cruz, J. y Yoldi, M., **Alumnos distraídos, inquietos e impulsivos (TDAH). Estrategias para atender su tratamiento educativo en educación primaria**, CEPE, 2009

De la Iglesia, M. y Olivar, J. S., **Autismo y síndrome de Asperger. Trastornos del espectro autista de alto funcionamiento. Guía para educadores y familiares**, CEPE, 2011

Teruel, J. y Latorre, A., **Dificultades de aprendizaje. Intervención en dislexia y discalculia**, Pirámide, 2014

Vila, J.O. y Gutiérrez, F., **Manual básico de dificultades de aprendizaje**, Sanz y Torres, 2013

García, J. N., **Dificultades del desarrollo: evaluación e intervención**, Pirámide, 2007

Miller, K., **Thriving with ADHD workbook for Kids**, Callisto Media, 2018

### **Recomendacións**

#### **Materias que continúan o temario**

Necesidades educativas especiais asociadas á discapacidade intelectual/O05G120V01931

Prevención e tratamento das dificultades na aprendizaxe da lectura, escritura e cálculo/O05G120V01932

Prevención e tratamento das dificultades na aprendizaxe da linguaxe oral/O05G120V01933

#### **Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Psicoloxía: Psicoloxía da educación: Procesos de aprendizaxe escolar/O05G120V01205

Psicoloxía: Psicoloxía do desenvolvemento de 6 a 12 anos/O05G120V01103

---

### **Plan de Continxencias**

---

#### **Descrición**

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

Metodoloxías docentes que se manteñen:

As metodoloxías docentes serán as mesmas nos tres escenarios, dado que foron deseñadas para facilitar unha transferencia fluída desde un escenario 100% presencial a outro 100% en remoto. En calquera caso, a única diferenza atinxe ao espazo non que se desenvolverá a actividade. No posible escenario de ensinanza mixta ou semipresencial, as metodoloxías levaríanse a cabo de modo semipresencial e virtual. Por outra banda, no escenario de ensinanza a distancia, as metodoloxías previstas adaptaríanse a una modalidade de execución virtual.

Metodoloxías docentes que se modifican:

Non se modifica a dinámica propia de ningunha metodoloxía docente, excepto, como se di no apartado anterior, a súa modalidade de execución, presencial e virtual (no caso dun escenario mixto); e exclusivamente virtual (no caso dun escenario a distancia).

Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías):

No potencial escenario de docencia semipresencial, as sesións de titorización poderán realizarse presencialmente e/ou no despacho virtual, baixo a modalidade de concertación previa e no horario que se estableza. No caso dun escenario docente na modalidade a distancia, a titorización realizarase unicamente polos medios telemáticos mencionados.

Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir:

Non hai modificacións nos contidos a impartir.

Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe:

A bibliografía adicional será proporcionada ao longo do desenvolvemento da materia.

Outras modificacións:

Ferramentas para a docencia virtual. No escenario de docencia semipresencial, ademais da docencia presencial nas aulas, a actividade docente virtual impartirase mediante Campus Integra e preverase o uso da plataforma de teledocencia Fatic como reforzo, e sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar para garantir a accesibilidade do alumnado aos contidos docentes.

No escenario de docencia a distancia, a actividade docente realizarase exclusivamente de modo virtual.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Non hai cambios nin nos instrumentos nin nos criterios de avaliación establecidos na guía docente ordinaria.

Probas pendentes que se manteñen:

Todas as probas propostas na guía docente para as vindeiras convocatorias, mantéñense en calquera das tres modalidades de ensinanza previstas: presencial, mixta e a distancia, para o curso 2020-21. Os criterios de avaliación, así como a súa ponderación sobre a nota final, se manteñen, tanto para o alumnado asistente, coma para o non asistente. Os procedementos ou tipoloxía de probas de avaliación, tampouco se modifican no seu contido, pero si no seu modo de execución, no caso dos dous potenciais escenarios docentes extraordinarios previstos. Así, no caso de estar nunha situación de ensinanza mixta ou semipresencial, as probas de avaliación poderán ser organizadas de modo presencial, dependendo das instalacións e medios dispoñibles. Se non fose posible facelas presencialmente, combinaríase a modalidade presencial coa virtual ou realizaríanse exclusivamente de forma virtual.

Se a situación é de ensinanza a distancia, todas as probas de avaliación realizaranse de modo virtual.

Probas que se modifican

Para o curso 2020-2021, non hai modificacións nas probas de avaliación, agás no referido á modalidade de avaliación: presencial ou virtual, dependendo do escenario sanitario no que se leve a cabo a docencia.

Novas probas:

Non se prevén novas probas de avaliación.

Información adicional

Non hai.

---